



Área / Unidade CONCELLARÍA DE ECONOMÍA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR AD0000 BLG	Documento AD016I011S	
Código de verificación  4Z73 5L6O 1C60 432J 1C6C	Expediente AD0/2022/105	
	Fecha 06-10-2022	

RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DO PLAN OPERATIVO ANUAL DE SUBVENCÍONS DO CONCELLO DA CORUÑA PARA O EXERCICIO 2022, DERIVADO DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS PARA O PERÍODO 2021-2023 (PESCC)

A Xunta de Goberno Local do Concello da Coruña, en sesión ordinaria celebrada o 15.09.2021, aprobou o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello da Coruña (PESCC) para o período 2021-2023. O devandito acordo foi publicado no Boletín Oficial da Provincia do 30.09.2021, no Portal de Transparencia do Concello da Coruña e na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Nun dos apartados dese acordo establecíase o seguinte: “A Xunta de Goberno Local aproba o Plan operativo do PESCC correspondente a 2021 que figura como anexo a este acordo e delega no concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior a **aprobación dos sucesivos plans operativos que concretarán cada anualidade orzamentaria**, así como a aprobación das súas modificacións e actualizacións, sen prexuízo da súa comunicación á Comisión Técnica e posterior dación de conta ao pleno da corporación no período do PESCC (2021-2023)”.

Así mesmo, no apartado quinto do devandito acordo se recollía o seguinte texto: “Encomendar á Dirección de Economía, Facenda e Réxime Interior a coordinación da Mesa técnica de subvencións, a realización das tarefas de elaboración, actualización e seguimento do plan e a elaboración da memoria final de seguimento, debendo así mesmo informar as propostas de actualización, baixa ou incorporación das liñas de subvención propostas polas respectivas áreas xestoras municipais”.

Figuran neste expediente os textos das propostas do Plan operativo de subvencións do ano 2022 en galego (CSV 5L4G30394W385U4Q1E0C), co seu correspondente anexo (CSV 1O22703S701W6C421DYA); así como do Plan operativo de subvencións do ano 2022 en castelán (CSV 3R1A5N66581P2L6T0ULE), co seu correspondente anexo (CSV 5D2U6F241R460L2H0VWP); emitidos e asinados pola técnica superior de Apoio á Dirección de Economía, Facenda e Réxime Interior, coa conformidade do director da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior.

No Plan operativo anual de subvencións do Concello da Coruña para o exercicio 2022 distínguense, por un lado, 276 liñas subvencionais por un importe de 17.360.011,28 €, e, por outro, outras oito liñas, denominadas “Outras axudas”, que ascenden á contía de 14.206.000,00 €. Ambos os dous conceptos suman un importe total de 31.566.011,28 €.



Vista a proposta emitida pola técnica superior de Apoio á Dirección de Economía, Facenda e Réxime Interior, coa conformidade do director da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar o Plan operativo anual de subvencións do Concello da Coruña para o exercicio 2022 (CSV versión en galego: 5L4G30394W385U4Q1E0C; CSV versión en castelán: 3R1A5N66581P2L6T0ULE), xunto cos seus correspondentes anexos (CSV versión en galego: 1O22703S701W6C421DYA; CSV versión en castelán: 5D2U6F241R460L2H0VWP). O citado plan operativo anual deriva do Plan Estratéxico de Subvencións do Concello da Coruña (PESCC) para o período 2021-2023, aprobado este último pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o 15.09.2021 e publicado no BOP do 30.09.2021, no Portal de Transparencia e na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Segundo.- Publicar este Plan operativo anual correspondente ao exercicio 2022, xunto co seu anexo, na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia e no Portal de Transparencia do Concello.

Terceiro.- Dar conta desta resolución ao pleno da corporación municipal, así como á Intervención Xeral Municipal e ás diferentes áreas municipais encargadas da xestión das liñas subvencionais contidas nos documentos mencionados.

A Coruña, na data da sinatura dixital que figura neste documento electrónico

José Manuel Lage Tuñas

Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior

(Por delegación da Xunta de Goberno Local. Acordo do 15.09.2021. BOP 30.09.2021)